

# **AS BRETANAS DE CUNQUEIRO**

**Armando Requeixo**

Centro Ramón Piñeiro para a  
Investigación en Humanidades  
(Xunta de Galicia)

DOI: [10.17075/gboc.2020.012](https://doi.org/10.17075/gboc.2020.012)



Álvaro Cunqueiro foi un escritor bretonófilo. A súa obra literaria así o demostra. E tamén as súas opinións a propósito da viaxe que fixo a aquela Fisterra.

Nas páxinas que seguen porei de relevo como no tratamento da temática bretoa Cunqueiro se manexou cun duplo coñecemento: o literario (o seu saber inicial e máis extenso) e o vital (posterior e panorámico).

Tamén farei fincapé nas principais liñas de converxencia galego-bretoas tal como as evidencia a escrita cunqueiriana: o celtismo britón, a admiración polos vellos reinos da cristiandade e a fascinación pola materia da Bretaña.

A seguir, exporei a que xulgo ser a súa cosmovisión espiritual bretoa, tendo presentes as súas consideracións a este respecto nos eidos da mitoloxía, a haxiografía, a lendahistoria e o ultrarreal.

Finalmente, ocupareime da transversalidade xenérica que caracteriza a presenza da temática bretoa na obra do mindoniense, que a fai patente tanto na súa narrativa como nos seus poemas, igual no xornalismo literario ca na tradución e aínda noutros ámbitos.

## O TRATAMENTO DA TEMÁTICA BRETOA

Cunqueiro foi un bretonófilo de libro. A vía bibliográfica e, en xeral, os materiais impresos sobre a Bretaña foron a súa principal fonte de coñecemento para se achegar á historia e á cultura desta nación.

Entre os autores bretóns polos que sentiu devoción, lendo e relendo cada unha das súas páxinas para se empapar das tradicións, relatos e anécdotas da vella Armórica, sobresaen, por riba de todos, Charles Le Goffic (Lannion, 1863-1932). O seu enciclopédico ensaio *L'Âme bretonne* (publicado orixinariamente en catro volumes en 1902) foi para o de Mondoñedo unha sorte de biblia bretoa na que recuncaba acotío, o que explica a profusión de citas de Le Goffic cada vez que se ocupou destas cuestións.

Xunto a Le Goffic gozou tamén da súa máis alta consideración François-René de Chateaubriand (Saint-Malo, 1768-París, 1848), a gran voz fundacional do Romanticismo francés, quen nas póstumas *Mémoires d'outre-tombe* (1848-1850) levou a cabo a crónica da fin dunha época en Francia (e na Bretaña da súa nenez e mocidade) coa que Cunqueiro, como logo referirei, se sentiu identificado.

Á parte destes dous autores, Cunqueiro escribiu da Bretaña durante tempo servíndose doutros materiais referenciais indirectos, que sumou ás páxinas de Le Goffic para escenificar un saber vivenciado e de primeira man sobre o mundo bretón que, en verdade, non tivo ata anos máis tarde. No «Epílogo para bretones» que engadiu á versión castelá de *As crónicas do sochantre* (Barcelona, AHR, 1959), confesaba o que segue:

Sean los bretones que lean este libro que el Autor no ha viajado por su tierra, y todo lo que aquí, en estas *Crónicas* se cuenta de ella, está tomado de mapas, de libros de viajes, de lecturas de Chateaubriand y Le Goffic, de algunas historias de ciudades y de cartas ejecutorias de las nobles familias [...]. El campo y las ciudades, los ríos y los vados, los caminos y las ruinas, los he pintado del natural de la tierra mía, Galicia, siendo ambos, el bretón y el galaico, reinos atlánticos, finisterres, parejos en flora y fauna, y provincias vagamente lejanas<sup>1</sup>.

A este descoñecemento directo da Bretaña púxolle fin o autor en maio de 1964, cando viaxou a aquelas terras na compañía de Francisco Fernández del Riego cunha misión ben concreta que lle encargara Xosé Sama: atoparse co músi-

---

<sup>1</sup> O texto foi tamén publicado como artigo co título «Inventando Bretaña» e figura recollido na compilación dos ensaios do mindoniense (1988) *Los otros caminos*, Barcelona, Tusquets, 233-235. Por outra parte, sobre este asunto volveu Francisco Fernández del Riego (tradutor da versión castelá de *As crónicas do sochantre*) na monografía (1991) *Álvaro Cunqueiro e o seu mundo*, Vigo, Ir Indo, 182-183. E por unhas confidencias do de Mondoñedo ao ferrolán Mario Couceiro sabemos aínda máis, pois este último asegura que Cunqueiro lle confesara «que nunca fora a Bretaña, pero que tivera moita axuda cun plano de estradas Michelin», ao que Couceiro repuxo: «¿E a paisaxe? Ela non vén na Michelin», e Cunqueiro retrucou: «Pero, coño, tiña a paisaxe arredor de min. Alí estaba. Só tiña que mirar dende as fiestras do meu faiado-estudio» (Mario Couceiro [2002]: «Un segredo», en VV. AA., *Crítica e autores I*, A Coruña, La Voz de Galicia, 140-141). Na mesma liña, Cunqueiro declarou noutras entrevistas: «Cando contei da Bretaña, eu o que tiña na imaxinación —puxen— foi a Terra Chá. Bretaña non ten montañas, ten as “landas”, que son un pouco a Terra Chá» (César Carlos Morán Fraga [1982]: «Entrevista con Álvaro Cunqueiro», en VV. AA., *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*, Santiago, Universidade), e, referíndose ás descrições de paisaxes que incorporara a *As crónicas do sochantre*: «Eu non estivera nunca na Bretaña, pero cando fun alí varias veces, notei que atinara en tódalas cousas» (Michael Queyja [1984]: «Entrevista con Álvaro Cunqueiro», *Grial*, 85, 340), e aínda: «De una manera o de otra en todos mis libros está un poco Mondoñedo. Todas las ciudades pequeñas de las que hablo son un poco mi ciudad. Tanto me da que sea una ciudad griega adonde llega Ulises o una ciudad de Bretaña adonde llega el sochantre con las ánimas, todas las ciudades son un poco mi ciudad por muy diferentes que sean» (Giancarlo Ricci [1971]: *Celtismo e magia nell' opera di Álvaro Cunqueiro*, Perugia, Università degli Studi di Perugia).

co Polig Monjarret e conseguir que este viñese tocar ao Festival do Mundo Céltico de Vigo acompañado da súa banda. Axudados por Pedro Rial e Carlos Espinosa, Cunqueiro e Del Riego víronse en Locronan con Monjarret, quen finalmente foi actuar ese mesmo ano á Cidade Olívica co *bagad* (banda) de Lann-Bihoué. Do encontro de Cunqueiro con Monjarret e a súa esposa fican testemuños fotográficos, así como das visitas do mindoniense ao castelo dos Rohan en Pontivy e outros lugares, viaxe que el mesmo relatou nunhas crónicas publicadas no *Faro de Vigo*<sup>2</sup>.

Por tanto, a partir de 1964 o mindoniense tivo un máis preciso coñecemento da realidade bretoa, se ben o feito máis admirable foi que fose capaz de imaxinar todo ese mundo nunha sorte de prognose e describiu en *As crónicas do sochantre*, o que aclara por que ao velo *in situ* manifestou sorprendido: «[L]a verdad es que la Bretaña real ha hecho todo lo posible por parecerse a la Bretaña de mi libro».

## LIÑAS DE CONVERXENCIA

Cunqueiro vía na Bretaña unha terra irmá nas orixes e idiosincrasia, tamén un reino xemelgo na súa etioloxía espiritual e unha cultura parella con raíces comúns en certos aspectos literarios.

O mindoniense participou da vaga atlantista que determinado galeguismo do pasado século mantivo moi viva. Coñecía ben as teorías risquiánas ao respecto, as refacturas poéticas de Cabanillas e as evocacións fraternas de Otero Pedrayo, tamén a viaxe e querenza de Castelao pola Bretaña dos *enclos* e incluso a paixón celtófila de determinada escrita de Fermín Bouza-Brey, Ricardo Carballo Calero e o seu compañeiro e amigo Ánxel Fole.

Así pois, ao referirse á Bretaña o autor salientaba a común nacemento desta e de Galicia, xa que os bretóns daquel *finis terrae* e os britóns do noso, aos que el mesmo pertencía, son, en esencia, unha única e mesma cousa. Incluso estaba ao día das teorías históricas sobre o particular, como cando certo cóengo de Rennes comezou a soste que os comúns bretóns insulares non chegaran á Armórica e a

---

<sup>2</sup> Álvaro Cunqueiro (1964): «El viaje a Bretaña», *Faro de Vigo*, 17-5-1964, 30-5-1964, 2-6-1964, 3-6-1964 e 4-6-1964. Estes textos foron logo recollidos no xa amentado *Los otros caminos*, 247-264.

Gallaecia nos séculos V e VI, como ata entón se pensara adoito, senón nos séculos III e IV «porque eran atacados por sus hermanos, los celtas de Irlanda, que llegaban por el mar, terribles piratas», aínda que o escritor desconfiase do creto de tales afirmacións, sentenciando, salomónico:

Para nosotros, los gallegos, el resultado es el mismo: britones que llegan, britones que se asientan, britones a los que rigen sus obispos y britones que se desvanecen en la niebla de las Mariñas de Lugo, del valle de Mondoñedo, de la costa entre la ría del Barquero y el cabo Ortegal<sup>3</sup>.

En conclusión: Cunqueiro tiña do celtismo unha consideración literaria, aínda que no estritamente histórico non se fíase moito de tal realidade. A súa era unha adhesión sentimental, que ancoraba nun construto romántico e que favoreceu o seu ludismo creativo, unha simpatía que, neste caso, servía aos seus propósitos da parentela bretoa<sup>4</sup>.

Mais o fascinio cunqueiriano non só xermolou a partir do recurso ás comúns raiceiras celtas e britois, senón que tamén cobrou forza mercé á admirativa consideración que o autor tivo sempre dos vellos reinos da cristiandade medieval, entre os que o Ducado da Bretaña ocupaba para el lugar preferente.

Cunqueiro viviu e escribiu proxectado no pasado e, asemade, foi un home do seu tempo. Conseguiu trazar un mapa ucrónico infindo no que todo tiña lugar á vez, nun anacronismo sistemático e deliberado<sup>5</sup>. Agora ben, ese non-tempo que é o tempo do mindoniense tiña tamén unha pedra de nadir epocal, un estrato base a partir do cal a superposición fractal se producía, e ese tempo non era outro que

---

<sup>3</sup> Álvaro Cunqueiro (1991): «23 de noviembre de 1979», en *Cunqueiro en la radio*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 586.

<sup>4</sup> Así o confirman as súas palabras: «La amistad con los artúricos, con la gente de la Bretaña azul, la llevo melancólicamente en la memoria [...]. [I]rreales, como todos los recuerdos de la vida, pero no más» (Álvaro Cunqueiro [1994]: «Los lejanos artúricos», en *Papeles que fueron vidas*, Barcelona, Tusquets, 87).

<sup>5</sup> Novamente as súas palabras dan a explicación ao fenómeno: «Preciso sempre factores de sorpresa e, quizabes por iso, mesmo na miña propia literatura hai unha enorme cantidade de anacronismos; eu non teño, por exemplo, inconveniente ningún, ó falar de Ulises e de Itaca, en poñer a Ricardo Corazón de León [...], o Ricardo real da historia impórtame moi pouco. Por outra banda, isto supón que eu teño decote un dezevo de creación, necesito crear» (Antón Risco / Ignacio Soldevila [1989]: «Entrevista a Álvaro Cunqueiro», *Boletín Galego de Literatura*, 2, 107).

o Medioevo. Xustamente a altura histórica na que a Bretaña gozou da súa Idade de Ouro, tamén Galicia. É ese tempo, ese universo cabaleiresco e cortés, aquel do que o escritor tiña saudades. Esa é a razón de que o vello ducado albergase para el un especial atractivo: como territorio onde aínda a pegada da vella sociedade de xogares e damas, de xustas de honor e tradicións vedraias asentadas nun cristianismo devoto tiña sentido. Explicouno con total acuidade Manuel Gregorio González poñendo en conexión a súa visión coa do romanticismo exacerbado do seu admirado Chateaubriand e a escrita tamén abondo melodramática e pasional de Barbey d'Aurevilly:

La Bretaña de Cunqueiro, de Chateaubriand, de Barbey d'Aurevilly, es ese Finisterre apartado del mundo y su fragor, donde todavía era posible lo imposible. Chateaubriand se tuvo que ir a Norteamérica para encontrar de nuevo esa secreta connivencia del individuo con su origen, con la sombra paradisíaca de la primera hora. Pero en el Finisterre galaico, en el cuerno brumoso de Bretaña, en la Irlanda orillada y lejanísima, no es insólito esperar la maravilla. Aún quedaba lejos la modernidad, el brazo del Estado, los reglamentos y gravámenes que harán del convecino el ciudadano. En ese Finisterre, el tiempo no es un tiempo cronométrico, sino una extensión del alma, que linda con la totalidad y vive en la cronología mayor de lo sagrado. Quiere decirse, pues, que el carruaje de *Las crónicas del sochantre* no sólo buscaba redención, un reconocimiento, el testimonio de un transeúnte vivo para dar fe del numeroso ejército de los muertos. También corría contra la época, huyendo de ese individuo laico, con tricornio y escarapela, que los había condenado a la inexistencia. Huía, en fin, de los nuevos dioses emergidos: la Ciudad, el Estado, la Nación, la Razón hecha máquina y el Hombre como Tiempo encarnado, como flecha lanzada hacia lo oscuro<sup>6</sup>.

A última destas grandes liñas de converxencia galego-bretoa é, ao meu ver, a conexión que favorece o común cultivo da escrita e o lendario defintorios da materia da Bretaña ou ciclo artúrico.

Sobre a pegada da materia da Bretaña na narrativa de Cunqueiro e, en xeral, no conxunto da súa escrita téñense debuzado monograficamente nos setenta

---

<sup>6</sup> Manuel Gregorio González (2007): *Don Álvaro Cunqueiro, juglar sombrío*, Sevilla, Fundación José Manuel Lara, 168-169.

Giancarlo Ricci, nos oitenta José Ignacio Gracia Noriega e Ramón Buckley, nos noventa María Xesús Nogueira, nos dous mil María Xesús Lama e, xa nesta década, Almudena María Gómez Seoane<sup>7</sup>. Evitarei, por tanto, incidir por extenso neste punto e conformareime con lembrar que na Bretaña están a *forêt* de Brocéliande; a fonte de Barenton, onde Morgana tiña presos os cabaleiros infieis; o monte Saint-Michel, no que Artur derrotou o xigante das rochas; a Côte du Léon, patria de Tristán; a baía de Trépassés, coa súa lenda da pecadenta cidade mítica de Ys; en fin, o Vannes onde o cabaleiro Ponthus da Táboa Redonda era gardián da fonte das Marabillas. De todo isto sabía Cunqueiro con fondura e todo acabou na súa escrita.

## A COSMOVISIÓN ESPIRITUAL BRETOA

Como xa se avanzou, Cunqueiro non estivo tan interesado na Bretaña real coma na ideal, ou, se se prefere, dedicou máis tempo e curiosidade á Bretaña mitificada ca á Bretaña visitable, sen que iso implique demérito ningún para esta última. Dáse nel, por tanto, unha cosmovisión espiritual do mundo bretón que asenta en catro piares básicos: o relato mitolóxico, o haxiográfico, a lendahistoria e a ultrarrealidade<sup>8</sup>.

En diferentes artigos o de Mondoñedo ocupouse de espellar o seu saber erudito sobre episodios mitolóxicos bretóns, de xinea tanto culta como popular. Deixando a un lado todo o relativo ao ciclo artúrico do que xa se tratou, este sería

---

<sup>7</sup> Giancarlo Ricci, *Celtismo e magia...*; José Ignacio Gracia Noriega (1981): «El bruar del mar armoricán», *Los Cuadernos del Norte*, 6, marzo-abril, 14-19; Ramón Buckley (1982): «La “materia de Bretaña” en la obra de Álvaro Cunqueiro», en *Raíces tradicionales de la novela contemporánea en España*, Barcelona, Península, 191-210; María Xesús Nogueira (1997): «Habitantes da Fisterra. A presenza do celtismo na obra de Cunqueiro», *Unión Libre*, 2, 123-135; María Xesús Lama (2003): «O mundo artúrico na obra de Álvaro Cunqueiro. Un Merlín compoñedor antes da descrenza e da parodia», *Anuario de estudios literarios galegos 2001*, Vigo, Galaxia, 51-90, e Almudena María Gómez Seoane (2014): «Importación y adaptación de la materia de Bretaña en la narrativa de ficción de Álvaro Cunqueiro: el ejemplo de la reina Ginebra en *Merlín y familia* (1955)», en Juan Miguel Zarandona (ed.), *De Britania a Britonia: la leyenda artúrica en tierras de Iberia: cultura, literatura y traducción*, Bern, Peter Lang, 425-442.

<sup>8</sup> Cunqueiro foi moi claro a este respecto: «Conviene advertir que cosas tales, contra lo que creen algunos, solamente se dan en pueblos muy intelectuales y muy espirituales a la vez, pueblos que como Bretaña, Irlanda y la propia Galicia son, intelectual y espiritualmente hablando, de una riqueza incomparable» (Álvaro Cunqueiro [1986]: «As benditas ánimas», en *Viajes imaginarios y reales*, Barcelona, Tusquets, 114).

o caso da desaparición do país de Arnival baixo a crecida das augas<sup>9</sup> e da traizón da fermosa Dahut, filla do rei Grandlon, que vendeu a cidade de Ys ao demo, quen acabou sepultándoa baixo o Atlántico<sup>10</sup>.

Moito maior número aínda de textos dedicou Cunqueiro ás narracións haxio-gráficas do santoral popular bretón, amosando un coñecemento exhaustivo deste, que adquiriu, en boa medida, a través das lecturas de Le Goffic. Xa que logo, nos seus textos pode saberse da historia de san Beriltán, o santo peregrino que falaba coas aves e os peixes<sup>11</sup>; de san Gaudón de Ker, pastor e frautista que cazou un velocísimo cervo de seis patas; de san Boed de Cancrochat, fillo dunha serea e protector dos mariñeiros; de santa Aive de Muet-la-Crom, patroa das tecelás, que foi capaz de facer unha gran manta baixo a que se abrigaron sete mil persoas que ficaran sen casa tras un grande incendio<sup>12</sup>; de san Cloumier de Pany, mariñeiro que era quen de guiar barcas de pedra, domear lobos e serpes e frear os ventos e que acabou convertido en columna do adro da igrexa que hoxe leva o seu nome<sup>13</sup>; de san Crecchat, o san Francisco bretón, quen deixou aniñar na súa boca uns paporroibos durante un inverno enteiro para que se protexesen dos fríos inclementes<sup>14</sup>; dos santos Gwian, Bernoec e Angloath<sup>15</sup>; de san Mael, que derrotou unha gran frota viquinga dun só seixazo que ía medrando segundo caía ao mar ata facerse enorme e que era quen de colgar dun raio de luz a súa capa, como tamén facía san Goar<sup>16</sup>; da ánima de andoriña do ermitán Xendalón, quen lles falaba a estas aves, di Cunqueiro, en «bretón bretonante» e transformou o seu corazón para que migrase con elas<sup>17</sup>; de san Criduec e a súa palma, que o

<sup>9</sup> Álvaro Cunqueiro: «7 de noviembre de 1960», en *Cunqueiro en la radio*, 243.

<sup>10</sup> Álvaro Cunqueiro: «10 de xullo de 1961» e «2 de xullo de 1962», ibídem, 316 e 420. Sobre este tema volveu nos artigos «Cielo y tierra de Yss» e «Yss y otras ciudades», en *Viajes imaginarios y reales*, 249-251 e 245-248. Neste último texto transparenta a súa demorada lectura do ensaio que sobre Yss e outras cidades mergulladas escribira o erudito bretón Yves Le Bronder.

<sup>11</sup> Véxase a nota 9.

<sup>12</sup> Álvaro Cunqueiro: «15 de maio de 1961», en *Cunqueiro en la radio*, 300-301.

<sup>13</sup> Álvaro Cunqueiro: «31 de xullo de 1961», ibídem, 323-324.

<sup>14</sup> Álvaro Cunqueiro: «26 de noviembre de 1962», ibídem, 464.

<sup>15</sup> Álvaro Cunqueiro: «Los bretones al fin», en *Los otros caminos*, 236.

<sup>16</sup> Álvaro Cunqueiro (2012): «La capa de San Mael», en *De santos y milagros*, edición de Xosé Antonio López Silva, Madrid, Fundación Banco Santander, 185-186 [artigo orixinarmente publicado no *Faro de Vigo*, 28-6-1963].

<sup>17</sup> Álvaro Cunqueiro: «Gendalón, alma de golondrina», ibídem, 203-204 [artigo orixinarmente publicado no *Faro de Vigo*, 28-1-1964].

acompañou cando andou sobre as augas do mar ata Quimper escapando dunha témera tempestade<sup>18</sup>; do bispo san Thelau, patrón dos tamborileiros, que era un virtuoso tocando este instrumento<sup>19</sup>; de san Ronán, que tiña como cabalgadura un cervo, evanxelizou toda a terra de Locronan e, nos tempos libres, camiñaba a diario descalzo legua e media como penitencia<sup>20</sup>; dos milagres de san Guidodié, o santo dos camiños bretón, quen non só construía todo tipo de vías, senón que tamén era capaz de coller ao lombo un camiño e cambialo de lugar e carrexar grandes pontes dun a outro río<sup>21</sup>; e de san Maló, que lles ensinou a axeonllarse ás gaivotas e a rezar con el, e san Felam, que tiña unha capa milagreira, medraba a vontade e era quen de converter unha areeira en terra firme<sup>22</sup>.

Mención específica merece unha outra forma de relixiosidade —tamén ben popular— que vencella a Bretaña e Galicia: as cruces de pedra, en forma de cruceiros en Galicia e de calvarios en Francia. Cunqueiro referiuse a eles en varios artigos nos que deu conta da súa orixe e significación, continuando cunha tradición que comezara Castelao cos seus dous célebres álbums de debuxos desta lítica arquitectura pía<sup>23</sup>.

Nun terreo mestizo entre o real e o imaxinario sitúanse certas lendahistorias, unha fórmula moi do gusto de Cunqueiro coa que este se achega a determinados feitos e persoeiros bretóns. É o caso da inventada reivindicación como ilustre visitante das San Lucas mindonienses do célebre viaxeiro Guy Le Gentil de la Barbinais (Saint-Malo, 1692-Nantes, 1731), quen, en efecto, pasou á historia por ser o primeiro galo en dar a volta ao mundo e contalo nun libro, o *Nouveau voyage autour du monde* (1728), pero que nunca visitou as feiras e festas da cidade mariñá<sup>24</sup>.

---

<sup>18</sup> Álvaro Cunqueiro, *Los otros caminos*, 238-239.

<sup>19</sup> *Ibíd.*, 267-268.

<sup>20</sup> *Ibíd.*, 275-276.

<sup>21</sup> Álvaro Cunqueiro: «Milagros de Guidodié», en *De santos y milagros*, 237-238 [artigo orixinariamente publicado no *Faro de Vigo*, 29-7-1964].

<sup>22</sup> Álvaro Cunqueiro: «Peregrinos bretones», *ibíd.*, 301-303 [artigo orixinariamente publicado no *Faro de Vigo*, 31-3-1971].

<sup>23</sup> Álvaro Cunqueiro: «4 de abril de 1980» e «3 de julio de 1980», en *Cunqueiro en la radio*, 616-617 e 633-635; «Los guardianes de la cruz», en *Los otros caminos*, 269-270.

<sup>24</sup> Álvaro Cunqueiro (1992): «El bretón en las San Lucas», en *O reino da chuvia*, edición de Mabel Mato, Lugo, Deputación, 97-98 [artigo orixinariamente publicado en *El Progreso*, 20-10-1957]. Tamén se refire a este personaxe en «Los almirantes de Honfleur», en *Viajes imaginarios y reales*, 177.

Tamén pode considerarse lendahistoria o que Cunqueiro refire a propósito das sete illas de Perros-Guirec, pois, se ben é certo que estas son os restos dun bosque xurdido en marzo do 709 por un avance da liña de mar que anegou os terreos circundantes e illou o monte Saint-Michel, todo o restante que conta o escritor respecto dese asolagamento é unha deliciosa fábula:

Primeiramente o mar arretirouse seis leguas e media e puido mirarse o val de Claemfleur dos poemas irlandeses, coas dúas cidades asolagadas e o castelo de Oren cos seus parques, agora con peixes en troques de paxaros polos columpios das ponlas<sup>25</sup>.

E a mesma mistificación se produce á hora de trasladar a epopea gaiteira de Polig Le Kroën e a dama Gwendain de Kervancromanc, na cal mestura datos verídicos con puras invencións<sup>26</sup>. O mesmo que fai, por certo, cando refire o acontecido con Katell Gollet, a quen dedica un poema do que logo me ocuparei<sup>27</sup>.

No derradeiro brazo desta espiral da cosmovisión espiritual bretoa, tal como Cunqueiro a sentía e a reflectía na súa obra, está a súa narrativa ultrarreal; isto é, aquela escrita na que o ultramundo, os seres que non están nesta dimensión ou os feitos que non pertencen á nosa realidade empírica pasan a primeiro plano. É moi clara esta circunstancia na novela *As crónicas do sochantre*, na cal os personaxes principais son, xustamente, as ánimas en pena que deambulan pola Bretaña e que terá que acompañar De Crozon. Esta obra é un nidio exemplo desa preferencia cunqueiriana polo soñado ou imaxinado sobre o primaria ou primitivamente real, co que crea unha realidade paralela onde mortos e vivos conviven con naturalidade e onde todo é posible porque a Bretaña, coma Galicia, é terra na que eses lindes figuran tamén esluídos.

<sup>25</sup> Álvaro Cunqueiro (2013): «As sete illas de Perros-Guirec», en *O mundo que teño de meu: artigos en lingua galega: prensa e revistas 1930-1980*, edición de Xosé-Henrique Costas e Iago Castro Buerger, Vigo, Galaxia, 173. Con anterioridade, traducido ao castelán por César Antonio Molina, incluíu este o artigo na súa compilación cunqueiriana xa amentada *Viajes imaginarios y reales*, 232-235.

<sup>26</sup> Álvaro Cunqueiro: «El fantasma de Kastell Gwingwam», en *De santos y milagros*, 243-244 [artigo orixinariamente publicado no *Faro de Vigo*, 1-9-1964].

<sup>27</sup> Álvaro Cunqueiro (2011): «Condenación de Katell Gollet», en *Dona do corpo delgado; Herba aquí e acolá; Outros poemas: poesía 1933-1981*, edición de Xosé-Henrique Costas e Iago Castro Buerger, Vigo, Galaxia, 198 e 285-288 [poema orixinariamente aparecido no *Faro de Vigo*, 4-6-1964].

## TRANSVERSALIDADE XENÉRICA

A bretonofilia de Cunqueiro manifestouse nun recorrente emprego de motivos, personaxes, tradicións e historias daquelas terras ao longo de toda a súa obra escrita. Tanto na narrativa como na poesía, igual no xornalismo literario ca na tradución e aínda noutros textos, o mindoniense incorporou referentes bretóns que confirman esta querenza, nalgúns casos determinante para a natureza e sentido das creaturas literarias nas que foron integrados.

No eido da narración destaca a presenza bretoa fornecida polos mitos e relatos adscribíbles ao ciclo artúrico, especialmente nos casos de dúas das súas obras maiores en galego: *Merlín e familia* (1955) e *As crónicas do sochantre* (1956). Esta pegada artúrica e celtizante con epicentro bretón en ambas as obras xa foi amplamente tratada por moitos estudosos, polo que prescindirei aquí de entrar en máis detalle<sup>28</sup>. O que, pola contra, non recibiu tan xenerosa atención foi esta mesma presenza na restante produción narrativa do autor, que coido que paga a pena lembrar.

No sentido apuntado, cómpre sinalar que, en *El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes* (1974), un dos catro monarcas protagonistas é, precisamente, un Artur avellentado que reina nunha Bretaña de cartón. Tamén si, nas *Flores del año mil y pico de ave* (1968) é o propio Cunqueiro quen no seu prólogo explicita esta presenza:

Son, en realidade, páxinas de aprendizaxe. Algunos de sus personajes aparecerán más tarde en otros libros míos, y el fondo del cuadro es el que en otras ocasiones será evocado: las colinas célticas, los ríos bretones, los héroes artúricos, el camino que peregrina a Santiago, fantasmas, pasajeros de Oriente, santos taumaturgos, y doradas amantes...<sup>29</sup>.

---

<sup>28</sup> Para unha bibliografía específica, véxase a nota 7. Nesta mesma liña, recentemente a profesora María Camiño Noia realizou unha exhaustiva investigación de campo na que comparou a xeografía da Bretaña actual coa que figura en *As crónicas do sochantre*, establecendo polo miúdo que vilas, camiños, pontes, ríos e demais teñen unha correlación real e cales son (semi)invenções da mente fabuladora de Cunqueiro. O seu moi preciso traballo (2017) pode lerse en «Pola ruta do sochantre das *Crónicas* de Cunqueiro», en *Sobre letras e signos. Estudos en homenaxe a Anxo Tarrío Varela*, edición de Armando Requeixo, Santiago, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 627-639.

<sup>29</sup> Álvaro Cunqueiro (1968): *Flores del año mil y pico de ave*, Barcelona, Taber, 7.

Malia estar ambientado na antiga Grecia, en *Las mocedades de Ulises* (1960) tamén aparecen o rei Artur e outros personaxes do seu ciclo, alén de cabaleiros bretóns como o duque de Mantua, caracterizado como célebre cazador da Bretaña e o país de Gaula.

A maior abastanza, na novela non concluída *A taberna da Galiana* Cunqueiro tamén recrea espazos bretóns, pois esta fonda era, segundo o autor, «muy visitada por los viajeros que iban de Bretaña a Galicia por el camino de los mares»<sup>30</sup>.

Xosé Francisco Armesto Faginas, o biógrafo do escritor, anota aínda outros testemuños de pegada bretoa previos á aparición de *As crónicas do sochantre*<sup>31</sup>. Trátase dos relatos «Los tesoros del Donegal» e «René-la Mort». No primeiro créase unha historia de bruxas e demos na que tamén comparece o cabaleiro de Saint-Vaast, un vello tolo que tiña tratos co diaño e parentela que andaba por Quimper. Canto ao segundo dos contos, nel o senescal Créve coñece en Pontivy unha italiana que tocaba a arpa cos pés.

E, se no ámbito da narrativa o elemento celta goza de relevo, tamén no exercicio poético Cunqueiro se serviu del. Así o fixo en «Os oficios de Bran», texto publicado no número 2-3 da revista *Nordés* en 1975 que abriu despois *Herba aquí ou acolá* (1980). O poema recrea o mito do deus Bran, un xigante belicoso, fillo de Llyr e unha mortal, que levou os seus conxéneres ata Gales para invadir Irlanda e que se deitou sobre un río para facer de ponte humana por riba da cal cruzasen as tropas<sup>32</sup>.

A mesma filiación céltica, artúrica e bretoa ofrece a composición «Falando con dama Viviana» —que xoga coa célebre personaxe máxica vencellada a Merlín<sup>33</sup>—; os versos do canto que dedicou a Lys de Combourg —a bela que morreu por man

<sup>30</sup> Consérvanse algúns textos que o escritor publicou como avance da novela: «La taberna de la Galiana», *La Voz de Galicia*, 13-12-1953; *Faro de Vigo*, 10-10-1963; *Nordés*, 6 (1960), e *Grial*, 72, abril-maio-xuño de 1981.

<sup>31</sup> Xosé Francisco Armesto Faginas: «Sempre Bretaña», en VV. AA., *Crítica e autores I*, 139-140.

<sup>32</sup> Hai aínda outro escrito no que Cunqueiro volveu á figura de Bran: «A navegación de Bran, fillo de Febal», un texto traducido do primitivo irlandés a partir dunha versión inglesa e que hoxe pode lerse en Álvaro Cunqueiro (1991): *Flor de diversos*, edición de Xesús González Gómez, Vigo, Galaxia, 147-148.

<sup>33</sup> O título completo do poema sería «Falando con dama Viviana o derradeiro día do mil e novecentos cincuenta, avisoume eis», o que dá idea de cando se concibiu, aínda que na versión que incorpora *Dona do corpo delgado; Herba aquí e acolá; Outros poemas: poesía 1933-1981* (p. 166) está tomado de *Nordés*, 4 (1976).

dos seus sete pretendentes, que a envelenaron con aire de ouro ata que os ollos, a lingua e o corazón se lle volveron deste metal<sup>34</sup>— e o poema «Condención de Katell Gollet», unha muller que, segundo a tradición, vivía cun tío que quería casala ben, pero era moi amiga de festas e coqueteos, ata que acabou por seducir o propio demo, quen condenou a súa alma para toda a eternidade; moza lendaria que foi inmortalizada no espectacular calvario de Plougastel-Daoulas e tamén no de Guimiliau<sup>35</sup>.

E, se na narrativa e na poesía a temática bretoa está ben presente, tamén no seu xornalismo literario hai sobresaíntes mostras. Velaí están todos os artigos amentados ao falarmos do celtismo, a materia da Bretaña, a mitoloxía, o santoral popular, os cruceiros e determinadas lendahistorias, mais tamén moitos outros recollidos nas súas compilacións *El envés* (1969), *Laberinto y Cía.* (1970) e *El descanso del camellero* (1970), dos que dá cumprida noticia Gracia Noriega<sup>36</sup> e que nos traen, poño por caso, a lenda das infantas da Bretaña, que eran educadas na mítica Truro, onde aprendían a ciencia das pedras preciosas e a arte do bordado e se bañaban tres veces ao ano: por San Xurxo, San Xoán e San Martiño.

Consecuentemente con todo o anterior, tamén cando Cunqueiro ensaiou a tradución non esqueceu trasladar aqueles autores bretóns polos que tiña máis sabor, como Eugène Guillevic (1907-1997), Victor Segalen (1878-1919), Max Jacob (1876-1944), René Guy Cadou (1920-1951) e Denise Dubois-Jallais (1930)<sup>37</sup>.

Por remate, cabe dicir que a temática bretoa tamén se estende ocasionalmente por outras escritas cunqueirianas. Así, tratando asuntos gastronómicos hai algún texto no que nos lembra que non debe confundirse a lagosta á armoricana coa lagosta á americana, porque, advirte,

---

<sup>34</sup> Ao remate do artigo «Peregrinos bretones» (véxase a nota 22) reproducense estes versos coa seguinte aclaración previa do autor: «[Y]o traduje al gallego la canción de la muerte de Lys».

<sup>35</sup> O poema publicouse inicialmente como parte dunha das entregas da serie «El viaje a Bretaña», *Faro de Vigo*, 4-6-1964, e hoxe pode lerse na compilación *Dona do corpo delgado; Herba aquí e acolá; Outros poemas: poesía 1933-1981*, p. 198. Cunqueiro escribiu todo un artigo sobre a lenda desta moza condenada: «Llora Catalina la loca», *Faro de Vigo*, 5-6-1964.

<sup>36</sup> Véxase a nota 7.

<sup>37</sup> Cf. Xesús González Gómez (1990): *Alvaro Cunqueiro, traductor*, [A Coruña], Fundación Caixa Galicia / El Progreso, 45.

[n]ós, os galegos, si somos celtas como coidan algúns, e si os britóns que fuxiron de Inglaterra cando as invasións anglosaxonas chegaron á Armórica ao tempo que ao norte de Galicia pra formar, no litoral Cantábrico, a diocese britoniense, debiamos sere os que menos debiamos deixarnos levar por ese equívoco<sup>38</sup>.

Noutros lugares de *A cocíña galega* ocúpase de receitas con mexillóns, salmóns e xatos bretóns, da sopa de ameixas bretoa e, xaora, das moi celebradas *crêpes*.

Do mesmo xeito, as referencias ao bretón son notables en escritos de carácter etnográfico, sobre todo cando teñen que ver con lendas, tradicións ou supersticións populares, como acontece en *Tesouros e outras maxias* (1964), e nos textos de xorne musicolóxico verbo dos seus instrumentos tradicionais, neste caso referidos ás gaitas e cornamusas<sup>39</sup>.

## CABO

Do visto é doado inferir que para Cunqueiro a Bretaña foi unha terra que esperitou a súa simpatía e admiración. Axudaron a este feito tanto as moitas lecturas de autores bretóns (Le Goffic e Chateaubriand á cabeza, mais tamén Jacques Pleven para as cuestións mariñas<sup>40</sup>, Pierre Lepuc'h para as peregrinaxes dende aquelas terras ata Compostela<sup>41</sup> etc.) como a súa amizade co maluíno Felipe Leven, que cita como autoridade en cuestións bretonantes no «Epílogo para bretones» da edición castelá de *As crónicas do sochantre*<sup>42</sup>.

<sup>38</sup> Álvaro Cunqueiro (1973): *A cocíña galega*, Vigo, Galaxia, 79.

<sup>39</sup> Álvaro Cunqueiro, «Las gaitas de Bretaña» e «Las cornamusas de Bretaña», en *Los otros caminos*, 242-243 e 273-274.

<sup>40</sup> Deixou escrito Cunqueiro: «Adquirí durante una estancia en Barcelona un delicioso libro de Jacques Pleven en el que se cuentan los más de los hechos marineros de Francia, con curiosas noticias. Hablando Pleven de sus bretones, me encuentro con mucha gente conocida, y con aquellas familias de almirantes sonoros en las que me inspiré cuando escribía *As crónicas do sochantre* e inventaba yo las ilustres estirpes marineras de los Erquy y de los Treboul» («Los almirantes de Honfleur», en *Viajes imaginarios y reales*, 177-179).

<sup>41</sup> Citado por dúas veces como unha das súas fontes de coñecemento das peregrinaxes bretoas a Compostela nos artigos «Peregrinos bretones», en *De santos...*, 301-303, e «Peregrinos de Bretaña», en *Los otros caminos*, 271-272.

<sup>42</sup> Véxase a nota 1.

Por tanto, este coñecemento literario primeiro e bibliográfico e mais vivenciado despois achegou o mindoniense ao pobo e a historia desoutro *finis terrae*, que sentía fraterno mercé á converxencia no celtismo britón, a preservación dos valores comúns aos vellos reinos da cristiandade europea e a querenza concomitante polos relatos do ciclo artúrico.

Por outra banda, Cunqueiro entendeu perfectamente a irmandade espiritual que une os pobos galego e bretón, a súa preferencia polos relatos mitolóxicos, a relixiosidade popular que fabula milagres e crea haxiografías paralelas, o gusto polas lendahistorias alternativas ás crónicas oficiais e, en fin, a convicción de que o ultramundo é tan real coma a realidade que habitamos.

Todo isto traduciuse nunha destacada presenza da temática bretoa na obra literaria de Cunqueiro, que incidiu especialmente na súa narrativa tanto galega como castelá e no seu xornalismo literario e, en menor medida, na súa poesía, no labor tradutor e mesmo en textos doutro xorne, como os gastronómicos e etnográficos.

En conclusión: Cunqueiro soñou unha Bretaña ideal e aferrouse a ela coma a un paradiso do que endexamais quixese espertar. Aqueles seus galantes cabaleiros e delicadísimas damas, os seus infindos ríos e pontes coas súas landas largacías, pero tamén os seus santos milagreiros e outros xenuíños personaxes lendahistóricos e ultrarreais, foron a Armórica coa que teceu as súas páxinas bretoas, que se contan, con certeza, entre as mellores que escribiu.